



**Curso  
2016-17**

**Resumo da Programación  
Didáctica**

**PRIMEIRO  
BACHARELATO  
Literatura  
Universal**

**Departamento de Lingua Castelá e Literatura**

**Cod. centro 27013648 (Viveiro - Lugo)**

# LITERATURA UNIVERSAL. PRIMEIRO CURSO BACHARELATO

## SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

TODAS AS AVALIACIÓNS	UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización		Probos escritas de aval.
	Bloque	Contido	Mes	Sesiós	
	B1	BLOQUE 1: PROCESOS E ESTRATEXIAS			
B1.1	Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.		Todo o curso	--	X
B1.2	Relacións entre obras literarias e o resto das artes.				
B1.3	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).				
B1.4	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.				

1ª AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización		Probos escritas de aval.		
	U.D	Título da unidade	Bloque	Contido		Mes	Sesiós
			B2	BLOQUE 2 OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LITERATURA UNIVERSAL			
1	As primeiras manifestacións literarias		B2.1	Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.	set.	3	X
2	A literatura clásica grega				set. – out.	4	
3	A literatura clásica latina				out.	4	
4	A literatura medieval				out.-nov.	6	
5	O Renacemento: lírica e prosa		B2.2.	Renacemento e Clasicismo: <ul style="list-style-type: none"> <li>× Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.</li> <li>× A lírica do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época.</li> <li>× A narración en prosa: Boccaccio.</li> <li>× Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e</li> </ul>	nov.	8	
6	Teatro clásico europeo				nov.-dec.	8	

2ª AVALIACIÓN				cinematográficos que xurdiorn a partir delas.				
		UNIDADES DIDÁCTICAS				Temporalización		Probas escritas de aval.
		U.D	Título da unidade	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
B2	<b>BLOQUE 2</b> <b>OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LITERATURA UNIVERSAL</b>							
7	A Ilustración	B2.3	<b>O Século das Luces:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>× O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.</li> <li>× A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa.</li> <li>× Lectura comentada dalguna novela europea da prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do século XVIII.</li> </ul>	xan.	4	X		
8	A novela europea do século XVIII			xan.	5			
9	O Romanticismo	B2.4	<b>O movemento romántico:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>× A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.</li> <li>× Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe.</li> <li>× A poesía romántica e a novela histórica.</li> <li>× Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.</li> <li>× Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</li> </ul>	febr.	7			
10	O Realismo	B2.5	<b>A segunda metade do século XIX:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>× Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.</li> <li>× O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX.</li> <li>× O arranque dla modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura dunha antoloxía de poesía simbolista.</li> <li>× Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</li> </ul>	febr. marz.	5			
11	O nacemento da literatura norteamericana			marz.	5			
12	O nacemento da lírica moderna			marz.	5			

3ª AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS				Temporalización		Probas escritas de aval.
	U.D	Título da unidade	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
			B2	BLOQUE 2 OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LITERATURA UNIVERSAL			
13	A renovación do teatro europeo	B2.5	<p>A segunda metade do século XIX (continuación):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✗ A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra.</li> </ul>	abril	4	X	
14	O cambio ao século XX	B2.6	<p>Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✗ A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.</li> <li>✗ A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das técnicas narrativas. Lectura dunha novela corta, dalgún relato e/ou dalgún conto representativo deste período.</li> <li>✗ As vangardas europeas. O surrealismo. Lectura dunha antoloxía de poesía vangardista.</li> <li>✗ A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida.</li> <li>✗ O teatro do absurdo e do compromiso. Lectura dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas.</li> <li>✗ Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xudiron a partir delas.</li> </ul>	abril	3		
15	A novela do século XX			abril maio	10		
16	As Vangardas europeas e o Surrealismo			maio	5		
17	A culminación da gran literatura americana			maio xuño	6		
18	O teatro do século XX			xuño	5		

---

## AVALIACIÓN

---

### 1. AVALIACIÓN INICIAL

**Data de realización:** entre a primeira e a segunda semana do curso realizarase unha valoración xeral mediante a observación do alumnado para avaliar o seu punto de partida.

**Tipo de proba:** consistirá en exercicios de clase, facendo postas en común, de xeito que se poida valorar os coñecementos da linguaxe literaria e de comentarios dun texto literario.

**Mecanismos de información ás familias:** os resultados desta proba terán carácter orientativo tanto para a profesora como para o alumnado, e nunca influirán en cualificacións do resto do curso. Non se informará deles, pois serán sempre subsanables.

### 2. AVALIACIÓN CONTINUA

**Probas escritas e periodicidade:** en cada avaliación farase unha proba obxectiva de coñecementos puntuada sobre dez puntos. Constará dunha batería de preguntas de resposta curta (máis de dez e menos de trinta) sobre a teoría da historia da literatura universal vista nas sesións de clase.

Haberá tamén un control das lecturas obrigatorias en cada avaliación. Serán probas cualificadas sobre dez puntos nas que se valorará non só a lectura da obra, senón tamén a comprensión da mesma e a corrección na expresión oral e/ou escrita na exposición.

Cando un alumno non se presente a unha proba terá que presentar un xustificante oficial para que esta sexa repetida.

Calquera irregularidade nas probas escritas -como o uso de "chuletas" ou apuntamentos, copia doutros exames, do libro ou doutras fontes, a transmisión de información oralmente ou por escrito, o uso de aparellos electrónicos ou de calquera outro instrumento que non fose debidamente autorizado pola profesora con anterioridade- suporá que a puntuación da proba para o alumno ou alumnos infractores sexa de cero puntos.

**Modo de cualificación:** ademais das probas obxectivas de coñecementos e a proba de lectura anteriores, varios estándares de aprendizaxe serán avaliados segundo outros instrumentos (tal como expuxemos nas táboas do capítulo 2.2 desta programación):

- x Traballo de investigación:** o alumnado deberá realizar un traballo sobre unha obra representativa da literatura universal, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario, sinalando o significado e a relevancia do autor. Realizarase consultando fontes de información diversas, sen esquecer a biblioteca escolar como fonte de recursos do centro.
- x Exposición oral:** o traballo de investigación será exposto na aula cun apoio tecnolóxico (*power point, prezi, emaze*, etc.; será valorado polo contido, polo grao de oralidade empregado polo alumno e polo coidado na elaboración da presentación tecnolóxica.
- x Comentarios literarios:** os alumnos deberán realizar distintos comentarios literarios guiados para a interpretación e valoración dos textos, de xeito que se interprete o contido,

técnicas literarias do texto ou fragmento, así como os trazos característicos dos períodos literarios ou o autor.

- x **Observación diaria do traballo na aula:** tendo en conta a realización das tarefas diarias, a orde no caderno e o material necesario para seguir a clase, o respecto as normas de convivencia na aula, o interese pola materia, a puntualidade, a asistencia...

**Cálculo da nota:** todos os instrumentos descritos anteriormente terán o seguinte peso na cualificación de cada trimestre:

- x **25 %** → a nota da proba de coñecementos,
- x **20 %** → a nota do traballo de investigación,
- x **15 %** → a nota da exposición oral,
- x **15 %** → a nota media das distintas probas de lectura,
- x **15 %** → a nota media de todos os comentarios realizados,
- x **10 %** → a observación do traballo na aula e a realización das tarefas diarias.

As notas de cada avaliación serán redondeadas cara o seguinte número enteiro só nos casos en que se supere o medio punto.

**Mecanismos para recuperar unha proba non superada:** dada a variedade de probas e instrumentos de avaliación previstos, non haberá recuperacións de probas específicas non superadas.

**Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada:** cando unha avaliación non sexa superada, dado o carácter de continuidade que presenta unha materia como esta, non haberá actividades de reforzo específicas agás nos casos en que se considere imprescindible. A recuperación das avaliacións non superadas realizarase mediante **unha proba** que terá as seguintes características:

- x unha proba global (que podería incluír preguntas sobre as obras de lectura obrigatoria) para os alumnos que teñan suspensas as 3 avaliacións.
- x probas de carácter parcial por trimestres segundo as avaliacións suspensas do alumno (que tamén poderían incluír preguntas sobre as obras de lectura). Coa nota acadada nestas probas parciais calcularase a nota final do curso, como xa explicaremos.

**Excepcionalmente,** non terán que realizar ningunha das probas de recuperación final que acabamos de describir aqueles alumnos que teñan só unha avaliación suspensa (sempre que a nota suspensa sexa superior a 4 puntos) cando a media aritmética das tres avaliacións acade un 5. No caso de teren 2 suspensas, con notas iguais ou superiores a 4, tampouco farán recuperación se acadan o 5 na media aritmética das tres avaliacións.

### 3. AVALIACIÓN FINAL

**Alumnado que debe realizala:** como xa expuxemos, o alumnado que supere a materia por avaliacións, non debe realizar ningunha proba de avaliación final. A proba de avaliación final é, en puridade, a proba de recuperación final para superar as avaliacións non superadas.

**Tipo de proba:** consistirá nunha proba escrita de características semellantes ás probas realizadas durante o curso: unha batería de preguntas (entre 15 e 30), valoradas segundo o peso indicado para cada pregunta na propia proba, e algún texto representativo dos períodos estudados en cada

avaliación para realizar un comentario literario guiado.

**Estándares que se van a avaliar:** na proba de carácter global incluíranse os estándares de aprendizaxe marcados nas táboas do capítulo 2.2. desta programación cun **1** de grao mínimo para superar a materia. O alumnado que teña algunha avaliación suspensa, pero non todas, deberá facer unha proba por cada avaliación, na que se incluírán os estándares dos contidos traballados no trimestre correspondente. Os estándares avaliábeis son tamén os que estean marcados cun **1**.

**Cálculo da cualificación final:** a cualificación final do alumnado que non teña que ir á proba de avaliación final (recuperación) será a nota media achada entre a nota obtida nos tres trimestres. Procederase ao redondeo cara o seguinte número enteiro a partir do medio punto.

A cualificación do alumnado que realice a proba de recuperación por avaliacións será tamén a da media dos trimestres, tendo en conta que a nota da avaliación non superada será substituída pola nota acadada nesta proba final.

A cualificación do alumnado que tivese que facer a proba global de recuperación será a que acade nesta proba.

**Criterios para a promoción:** serán os sinalados no artigo 35 sobre a promoción (Título II. Bacharelato. Capítulo III. Avaliacións, promoción e titulación) do D86/2015 de 25 de xuño. Non hai planificados no centro criterios especiais neste momento.

#### 4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

**Data de realización:** 1 ou 2 de setembro.

**Tipo de proba:** consistirá nunha proba escrita de características semellantes ás probas realizadas durante o curso: unha batería de preguntas (entre 15 e 30) e algún texto representativo dos períodos estudados en cada avaliación para realizar un comentario literario guiado.

Os estándares avaliábeis serán os mesmos que na proba global de avaliación final: só os que aparecen sinalados cun grao mínimo de consecución de **1**.

**Cálculo da cualificación:** cada pregunta levará na proba indicada a súa valoración. A cualificación total será sobre 10 puntos, segundo o peso indicado para cada pregunta. Só se terá en conta esta proba para a avaliación extraordinaria.

---

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

---

**Non hai libro de texto en Literatura Universal para 1º de Bacharelato.** A profesora facilitará os temas a través de aula virtual do centro.

Ademais, hai unhas **lecturas avaliábeis** por trimestre, seguindo o indicado no currículo:

Literatura Universal	1º BACH	1ª Aval.	Lectura dunha obra de teatro clásico: <i>El avaro</i> de Molière
		2ª Aval.	1ª- Lectura dunha obra do séc. XVIII que poderá escoller entre: <i>Cartas persas</i> de Montesquieu, <i>Robinson Crusoe</i> de Daniel Defoe, <i>Los viajes de Gulliver</i> de Swift, <i>Cándido</i> de Voltaire, <i>Emilio o la educación</i> de Rousseau, <i>Las amistades peligrosas</i> de Ch. de Lacros ou <i>Orgullo e prexuízo</i> de Jane Austen. 2ª- Lectura dunha selección de contos de Edgar A. Poe.
		3ª Aval.	1ª- Lectura dunha obra do novo teatro europeo: <i>Casa de muñecas</i> de Henrik Ibsen. 2ª- Lectura dun conto representativo da narrativa do século XX. 3ª- Lectura dunha obra representativa deste teatro: <i>Esperando a Godot</i> de Samuel Beckett.



## OUTROS ASPECTOS

### 1. DATOS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura do IES Vilar Ponte de Viveiro neste curso 2016-2017 está composto polas profesoras que a continuación se citan, cos seus respectivos cursos e grupos asignados:

DOCENTE	MATERIA	Cursos/Grupos	Nº horas	Nº horas total
<b>MANUELA SALGADO FERNÁNDEZ</b>	LCeL	3º ESO A+B+C	9	<b>19</b>
	Ámbito Sociolingüístico	2º ano de PMAR	9	
	Titoría	PMAR	1	
<b>CAROLINA MARIÑO GARCÍA</b>	LCeL	4º ESO A+B+C	9	<b>19</b>
	LCeL	2º BACH. A + B	6	
	Titoría	4º ESO A	1	
	Equipo de biblioteca	BIBLIOTECA	3	
	Literatura Esp. no Cine	1º BACH.	1	
<b>ANA MARÍA TATO ÁLVAREZ (Xefatura do Departamento)</b>	LCeL	1º BACH. A + B	6	<b>18</b>
	Literatura Universal	1º BACH. A + B	8	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
	Dinamización e Coordinación do equipo	BIBLIOTECA	3	
<b>MARÍA DE LOS ÁNGELES MURIAS SIÑERIZ</b>	LCeL	2º ESO A + C	6	<b>17</b>
	LCeL	A.E.T. 2º ESO	3	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	1º ESO (dous grupos)	4	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	2º ESO (un grupo)	2	
	Comprensión e Expresión Escrita	1º ESO	1	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
<b>MARÍA DEL PILAR MARTÍN FERNÁNDEZ</b>	LCeL	1º ESO A+B+C	12	<b>15</b>
	LCeL	2º ESO B	3	

## 2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADE	FINALIDADE	PROFESOR	NIVEL	DATA PREVISTA
1. <b>Representación teatral de <i>El perro del hortelano</i></b> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en <b>Santiago</b> (Palacio de Congresos de Galicia). Aproveitarase a viaxe para facer outras visitas de interese cultural para o alumnado, como a subida as cubertas da catedral.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Ana Tato	<b>1º BACH.</b>	13/02/2017
2. <b>Representación teatral de <i>Historia de una escalera</i></b> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en <b>Lugo</b> (Auditorio Gustavo Freire). Como no caso anterior, aproveitarase a viaxe para facer outras visitas pola cidade de interese cultural para o alumnado.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Carolina Mariño Ana Tato	<b>4º ESO</b> <b>2º BACH.</b>	19/01/2017
3. Aplicación nas aulas do programa periodístico de <i>La Voz de Galicia</i> , "Prensa-escuela". Inclúe a recepción de exemplares de balde os mércores e comentario do contido e estrutura das noticias.	Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.  Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos.	Mª Pilar Martín	<b>1º ESO</b>	Todo o curso
4. Visita de Raúl Vacas, autor dunha das obras de lectura de 1º ESO da editorial Edelvives.	Aproximación á figura do autor e do proceso creativo da súa obra.	Mª Pilar Martín	<b>1º ESO</b>	12/12/2016
5. Concursos varios que se concretarán ao longo do curso. Colaboracións coa biblioteca do centro.	Motivación ao alumnado.	Todas as profesoras do departamento	<b>ESO</b> <b>BACH.</b>	Todo o curso

Viveiro (Lugo), 15 de outubro de 2016



Asdo. Ana María Tato Álvarez  
Xefa de Departamento